

Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Vista a proposta de designación de asesores especialistas que formula o Tribunal que xulgará as probas selectivas para o ingreso na escala técnica de secretario/a técnico/a de centros tecnolóxicos da Universidade da Coruña, convocadas por Resolución de 4 de xuño de 2024 (DOG do 14 de xuño de 2024), para colaborar con este tribunal.

Esta Xerencia, en uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 10 de xullo de 2024, e tendo en conta o previsto no art. 7º do Decreto 95/1991, de 20 de marzo (DOG do 25 de marzo) que aproba o regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVE:

Nomear asesores do devandito tribunal aos seguintes funcionarios:

- Santiago Bort Couceiro
- Calos López-Cortón Díaz

para prestar apoio técnico na organización da parte técnica do 3º exercicio da fase de oposición, co dereito a percibir por este cometido unha gratificación igual a que percibe un vogal deste tribunal por cada sesión.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
O reitor
PD A xerenta (RR 10.07.2024)
Mª Jesús Grela Barreiro